Trasalba, San Xosè do 1945.

Sr. D. Ramón Cabanillas.

Pra recibire â leda Primadeira
pol'os saudosos vieiros da Galiza
– ¡pensando: ¿será a miña derradeira?–
esparexín o mimo i-a friguiza
do lumioso hourizonte de Trasalba
qu'os ánemos e corpos enfeitiza
deixando o lar miña mañán ca ialba.
Debullei en Oureuse boa lampreа
e pol'a noite a penedosa calva
descobrín diant'os ouros qu'alumea
o vago Oriòn na Ría de Pontevedra.
Humorista e romántica liia chea
sobor das roinas elexiacas de hedra
era o inzomne Relox da Peregrina.
Mirei, gozoso, a fantasía de pedra
da triunfal Compostela vespertina
enveza dos piñeiros da Alameda.
Ysembradoiro, xentil, amante, fina
corda da lyra da melancolía
foi Sant-Jago pra min; Pro Cabanillas
nou xurdiu cand'a noite estrelecía
para falar de fulxidas Antillas
e dos amigos idos!.. A Quintá,
silente lago de brumosas illas,
embrullounme nos veos da Señardá.
¡Valeira a Catredal do sonoroso,
coro, na hora solene da mañá
semellaba fadal ermo ventoso!
Fun cos Pedretas beiras do Sarela,
probei un ledo ullán, labio escumoso,
e recei diant'a raiña Berenguela.
¡Nou hai mais puro lirio medieval
qu'esa mortiña de sorrir louxao
atal nena ca toca i-o trial!.
Pisei de Riauxo o mariñán peirao
gostando d'arousán onda rial
pra cousoar às irmás de Castelao.

Caíen sobr'as cortadas x'ada lousa
co pasamento da doce naiciña.
¡Figura aquela casa triste chousa
sen o agarimo calmo da cegriña
candea acesa de bondosa esprousa
hoxe miña cinza na nadal terriña!
Vagaba pol'os outos da Barbanza
a bréterna doucel, a Ría fulxia
ronseles inmorrentes de lembranza
e no Padrón o amor de Rosalía
agromando nos líricos solgueiros
ao dubidoso rayolar do día
espertoume a futuros venturreiros.
Mais n'a Cruña agardaba n'Academia
miña seráu de tópicos loureiros.
¡Moito hai de raxetar n'isa podremia!
Moi fermoso o discorso de Filgueira
¿-a cidá, como sempre, aire de fémia
¿-engádego de têbra mariñeira.
Votei por tí ao xoven Albariño
¿-a Victoriano Táibo, o da sentleira
ispirazou petrucia com'o liño.
¿é por Vigo voltei co sentimento
de non falar contigo adispaciño.
Respeitando a grandera de Sarmento
non son d'ire Justituto. Ao Seminario
gardo fielda, e ao rexo xuramento.
Ben logo han de xurdir no Tenebrario
os pàbilos fumosos. Ven o abril.
Pra miñ vivo resorto maxinario
de fàbulas antergas. Ten sourir
falar, meu caro amigo, sería Mayo
na miña verdáde. Alegrías mil
pide a Deus para tí o teu tocaio

M. Otero Pedrayo

Querido Xaime: Perdoa iste desafeuto da seráu de S. Xosé. Témos que
trazar verunos iste vráu. Pol'o Apóstol estarei moi ben. Recibín
con demora a tua carta. Espero que os teus xa estarán ben dos
reumas doentes. Fai moito non vexo a teu fillo maor, Xaime
Pàteco e bo amiguiño. Pra miñ, que vivo illado é unha festa re-
cebirnos unha volta por Galiciá. ¡Mais baltaches tí, e nol-
vin tristeiro! Sempre teu

M Otero Pedrayo